

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15005002
CENTRO: IES Ramón Otero Pedrayo - A Coruña - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-programa (CPIInclúe)
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

a) Introducción

Razóns que xustifican a necesidade do plan

O IES Ramón Otero Pedrayo da Coruña é un centro urbano radicado entre o Barrio das Flores e o barrio de Elviña, na cidade da Coruña. Recibe alumnado preferentemente destes dous barrios, mais tamén doutros barrios da periferia da cidade, como Monelos, Eirís, Palavea, ou Mesoiro.

No centro impártense as ensinanzas correspondentes aos catro cursos da ESO. O alumnado do centro vén aumentando progresivamente nos últimos anos. Ao final do curso 2022/23 chegou a 420 alumnas/os, tras arrincar o curso cuns 380. A día 19 de setembro de 2023, 378 alumnas/os están matriculadas/os no centro.

A situación da convivencia no centro é semellante á doutros centros das mesmas características. A resolución de conflitos de convivencia de carácter leve é unha das actividades que máis tempo consume a todos os membros da comunidade educativa, en especial nos dous primeiros cursos da ESO.

Estes conflitos entorpecen a actividade académica e xeran preocupación e ansiedade. Son especialmente lesivos para o alumnado que os protagoniza, pois inflúe negativamente na súa aprendizaxe e rendemento académico. Limitan tamén a súa sociabilidade, pois son percibidos pola maior parte da comunidade educativa como persoas de pouca confianza, coas que non paga a pena involucrase.

b) Análise da situación de partida

Describe a situación interna do centro educativo (puntos fortes e débiles do centro así como as ameazas e oportunidades do entorno que inciden neste).

O centro ten unha elevada conflictividade. Segundo os rexistros da Xefatura de Estudos, no curso 2022/23 expedíronse uns 780 apercibimentos por faltas de conduta contrarias á convivencia de carácter leve. No curso 2021/22 estes apercibimentos ascenderan a algo máis de 650.

A práctica totalidade destes apercibimentos concéntranse en 1º e 2º ESO, onde se concentra arredor do 60% do alumnado do centro. A mostra de exemplo, pódese sinalar que no curso 2021/22 foron uns 550 os apercibimentos a alumnado destes cursos. No curso 2022/23 quedaron un pouco por debaixo dos 650. Entre os motivos destes apercibimentos predominaban as actitudes disruptiva, as agresións verbais e físicas de carácter leve entre compañeiros/as e, en menor medida, ao profesorado. Así mesmo, tamén son frecuentes os actos de desafío á autoridade do profesorado ou a manipulación non autorizada de dispositivos electrónicos.

En 3º e 4º da ESO a conflictividade é moito menor, pero pode ter un carácter de maior gravidade na tipificación das condutas. Dos dezanove expedientes correctores que se abriron en 2022/23, so tres afectaron a alumnado deses grupos. Mentres nos expedientes correctores do alumnado de 1º e 2º da ESO a reiteración de faltas leves adoitaba ser o motivo da incoación do expediente, no caso do alumnado de 3º e 4º ESO a incoación do expediente debíase en case todos os casos, á comisión dunha falta grave contraria á convivencia, case sempre relacionadas con agresións físicas entre alumnado ou actos graves de desafío á autoridade do profesorado.

A pesar de todo débese sinalar que o alumnado apercibido en varias ocasións ao longo dun curso non

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15005002
CENTRO: IES Ramón Otero Pedrayo - A Coruña - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-programa (CPInclúe)
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

supera o 15% do alumnado total. A maior parte do alumnado (mesmo a maior parte do alumnado en grave risco de abandono escolar) atense ás normas de convivencia e colabora no mantemento dun bo clima escolar. Por regra xeral, o alumnado do centro amósase ben disposto a colaborar en iniciativas que van máis aló do académico. Por destacar algúns exemplos, o centro conta cun club de lectura promovido desde a biblioteca, grupos de teatro informais promovidos polo Departamento de Lingua Castelá ou participa activamente na organización da graduación de 4º ESO.

Así mesmo, a iniciativa da Equipa de Mediación Escolar que presentamos arrancou de xeito informal durante o curso 2021/22 sen que fose difícil atopar alumnado voluntario. Contamos, por tanto, cunha boa cantidade de alumnado que se involucra activamente nas actividades promovidas desde o centro.

c) Obxectivos do plan

Enumere os obxectivos que se perseguen co desenvolvemento das diferentes modalidades que constitúen o plan.

1. Sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a necesidade de potenciar o diálogo, a educación en valores e a educación pola paz, promovendo a mediación como método de resolución de conflitos.
2. Identificar e previr as incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa.
3. Formar ao alumnado na identificación e prevención das incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa.
4. Ensinar estratexias e habilidades para desenvolver a mediación.
5. Asentar a cultura da mediación e do diálogo entre iguais como parte da cultura do centro.
6. Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa.
7. Mellorar a competencia social e cívica (CSC).
8. Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15005002
CENTRO: IES Ramón Otero Pedrayo - A Coruña - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-programa (CPInclúe)
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

03. CONVIVE-T

d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos).

1. Obradoiros didácticos: Programar obradoiros que favorezan o desenvolvemento da autoestima sociopersoal, o recoñecemento das emocións e as habilidades de autorregulación, a autoestima e o autoconcepto, a prevención de acoso escolar, en colaboración co Departamento de Orientación e entidades da contorna.
2. Convivindo nos recreos: contextos cooperativos nas relación interpersoais, tanto nas propias aulas como en proxectos internivelares (club de lectura, actividades deportivas, obradoiros de reciclaxe, actividades de ciencia, actividades de tempo libre...)
3. Concursos: A Aula máis limpa. Ao final de curso premiarase ao grupo que tivera a aula máis limpa. O grupo máis amable. Ao final de curso premiarase ao curso con menos partes e incidencias en Abalar.
4. Equipa de mediación. Promover o uso e renovación do equipo de mediación do centro. Adicar un espazo e un tempo á tarefa de mediación: formación de mediadores, reunións periódicas de seguimento, intervención das persoas mediadoras... Uso de mediación nos conflitos entre iguais.
5. Axenda de incidencias: Elaborar un documento no que se recollan todas as incidencias de aula e os apercebimentos, as medidas adoptadas e os resultados.

e) Implicación das familias e doutras entidades

Describe a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso

Desenvolverase unha escola de nais e nais para dotar aos pais de ferramentas ante o uso de redes sociais, acoso escolar e formalos na disciplina positiva e na resolución pacífica de conflitos.
Acollida ás familias: ademais das reunións iniciais de curso, elaborar un documento de acollida para as familias dos novos alumnos, tanto se comezan a principio de curso como se chegan con el xa empezado. Informar á ANPA, ao Claustro, ao Consello Escolar e á Comisión de Convivencia sobre o proxecto de mediación, para fomentar o diálogo entre o equipo docente e as familias.
Desenvolvemento e seguimento de compromisos educativos de convivencia, aplicados atendendo á casuística particular do alumnado.
Revisión do Plan de Convivencia do centro, en especial da aplicación e seguimento das medidas correctoras a alumnado con faltas de conduta, en colaboración co Claustro, o Consello Escolar e a Comisión de Convivencia.

f) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

Anote o número total de alumnas

210

Anote o número total de alumnos

168

Indique o número total de alumnado implicado (suma de alumnas e alumnos)

378

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15005002
CENTRO: IES Ramón Otero Pedrayo - A Coruña - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-programa (CPInclúe)
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Indique os cursos que participarán nesta modalidade

Todos os cursos do centro:

1º ESO A, B, C.

2º ESO A, B, C, D, E.

3º ESO A, B, C, D, E-PDC

4º ESO A, B, C, D-PDC

g) Profesorado implicado

Indique o número de docentes que participarán activamente nesta modalidade

14

Indique os equipos ou departamentos participantes

Artes plásticas

Ciencias naturais

Educación física e deportiva

Física e química

Francés

Inglés

Lingua castelá e literatura

Lingua galega e literatura

Matemáticas

Orientación

Tecnoloxía

Xeografía e historia

Equipa directiva

Equipa da Biblioteca

Equipa de Dinamización da Lingua Galega

h) Horario no que se desenvolverá a modalidade

Anote o número de horas semanais

34

Descríba detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a modalidade

Horario lectivo do centro: 32 sesións semanais (luns a venres de 8:45 a 14:15 e martes de 16:20 a 18:00).

Horario da Coordinadora de Benestar e Convivencia para o cumprimento de sancións relacionadas con tarefas de mellora do desenvolvemento das actividades do centro en horario non lectivo: 2 sesións semanais (mércores de 16:20 a 18:00).

Horario por determinar para a Escola de nais e pais.

i) Recursos que implica a modalidade

Descríba a necesidade de novos recursos para o desenvolvemento da modalidade

Cartelaría: 200€.

Reprografía: 300€.

Premios grupais para o alumnado (dúas actividades complementarias): 1.000€.

Premios individuais para o alumnado participante na Equipa de Mediación e na Equipa de Acollida: 300€.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15005002
CENTRO: IES Ramón Otero Pedrayo - A Coruña - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-programa (CPInclúe)
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Charlas para responsables do alumnado: 450€.
Convivindo nos recreos (material recreativo): 250€.

Orzamento solicitado

2500

j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

01. Porcentaxe de aumento do número de casos resoltos pola vía da mediación

50

02. Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa de mediación escolar

50

03. Porcentaxe de redución da apertura do número de expedientes

10

04. Porcentaxe de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións

10

05. Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con esta modalidade

20

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15005002
CENTRO: IES Ramón Otero Pedrayo - A Coruña - A Coruña
PROGRAMA: Contratos-programa (CPInclúe)
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: